

# CHARLAS DE EGRESADOS DA ESCOLA



## 13h

**Noe Valtierra Pereiro**

Investigación en Conservación  
Restauración de material óseo  
arqueolóxico.

## 14h

**Adela Vázquez Veiga**

ENTRE GALIZA E YUCATÁN  
da conservación dos bens culturais á xestión dos bens comúns

**Xoves  
20  
decembro**



+ **Noe  
Valtierra  
Pereiro**

## CV

Conservador restaurador formado na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia na promoción do 2012-2016 e especializado no tratamento de material arqueolóxico. Realizou prácticas en proxectos de importancia nacional por exemplo ( entre moitos outros ) na recuperación do Pórtico da Gloria na Catedral de Santiago (2017), no xacemento arqueopaleontolóxico de Atapuerca nas campañas de 2016, 2017 e 2018 ou no xacemento paleontolóxico de Camp dels Ninots ( 2018 ), e en proxectos Internacionais como o proxecto arqueolóxico Orikum en Albania do Instituto Arqueolóxico de Tirana e a Universidade de Xenebra. Profesionalmente traballou como colaborador do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo no proxecto de restauración do Ánfora Rexional II do Museo Massó de Bueu (2017) e na intervención de conservación e restauración do xacemento arqueolóxico de Cibdá de Armea ( 2018 ). Actualmente está a cursar o Master de Arqueoloxía do Cuaternario e Evolución Humana na Universidade Rovira i Virgili coordinado polo Instituto Catalán de Paleoecoloxía Humana e Evolución Social ( IPHES ).



## CV

Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela; Graduada en Conservación e Restauración de Bens Culturais pola Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia e Mestra en Traballo Social pola Universidade Nacional Autónoma de México con Mención Honorífica pola tese BIComún, ferramentas mancomunadas de protección patrimonial. Unha experiencia de intervención social no barrio de Santiago da cidade de Mérida, Yucatán.

É profesora na Licenciatura en Desenvolvemento e Xestión Interculturais no Centro Peninsular en Humanidades e Ciencias Sociais (CEPHCIS) da Universidade Nacional Autónoma de México (UNAM) dende o ano 2014. Actualmente é Profesora de Ensinanza Superior "A" na Facultade de Arquitectura, Artes e Deseño da Universidade Autónoma de Yucatán (UADY). Foi conservadora-restauradora do Instituto Nacional de Antropoloxía e Historia de México dende o ano 2004 ao ano 2014 e actualmente colaboradora en proxectos de xestión do patrimonio.

Cofundadora e coordinadora da Asociación Cultural e Axente de Cooperación Galega Niquelarte e o proxecto BIComún.

Forma parte da Comunidade SOPA e foi directora técnica do V Congreso Internacional de Socialización do Patrimonio no Medio Rural, SOPA Congress, no ano 2017 en Yucatán. Dende o ano 2015 é xestora cultural e community manager do Casal Català da Península de Yucatán A.C. e foi Embaixadora do Programa de Estudos en Mano Común: Ruralidades, Feminismos e Comúns coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela e o colectivo Montenoso entre o 2016 e o 2018.

No ámbito editorial e socia de SOM Editorial Colectiva A.C.; traballou na Revista de Arte e Cultura Contemporánea ORIGAMA, a Revista Independiente La Vírgula, a Revista Iberoamericana de Patrimonio e Comunidade La Descommunal; a revista ArKeopatías e a plataforma de periodismo independente Miradas Múltiples.



+ Adela  
Vázquez  
Veiga